



Obxecto:	Informe sobre <i>Estudo de Impacto sobre o Patrimonio Cultural. Anexo Memoria Técnica.</i>
Proxecto:	<i>Parque Eólico Serra de Liñares (Negreira de Muñiz e A Fonsagrada. Lugo).</i>
Promotor:	AV Monte Festeiros, S.L.
Remitente:	Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Delegación Territorial de Lugo.
S/Clave:	Lu-11/146.EOL
Exp. Do Servizo de Arqueoloxía:	03.I.393.2012.001

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 44313 / RX 154300

Data 21/12/2012 12:39:22



ANTECEDENTES E FEITOS

En data 17.08.2012, ten entrada na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, un escrito da Xefatura Territorial de Economía e Industria de Pontevedra, pola que se achega e papel e en soporte CD, e se solicita informe, o documento *Estudo de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Serra de Liñares (Concellos de Negreira de Muñiz e A Fonsagrada, Lugo). Anexo Memoria Técnica.*

O 14.09.2012 o director xeral do Patrimonio Cultural, remite á Xefatura Territorial de Economía e Industria de Pontevedra, informe relativo ó documento *Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Serra de Liñares*, no que se establecen as seguintes consideracións en relación co patrimonio cultural:

En relación cos posibles xacementos arqueolóxicos **REF-001 (possible túmulo) Chan do Arco** e **REF-002 (possible túmulo) Pico do Seixo**, é necesario a realización de traballos arqueolóxicos complementarios de cara a unha correcta caracterización arqueolóxica dos mesmos. En base ós resultados das actuacións arqueolóxicas, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

CONSIDERACIONES LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 214, do 08.11.1995)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 337/2009, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo (DOG núm. 125 do 29.06.2009)

A documentación remitida pola Xefatura Territorial de Economía e Industria de Lugo, *Estudo de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Eólico Serra de Liñares (Concellos de Negreira de Muñiz e A Fonsagrada, Lugo). Anexo Memoria Técnica*, contén as precisións solicitadas, en relación cos posibles xacementos arqueolóxicos **REF-001 (possible túmulo) Chan do Arco** e **REF-002 (possible túmulo) Pico do Seixo**, polo director xeral do Patrimonio Cultural no seu informe do 14.09.2012. De acordo con esta nova documentación, asinada polo arqueólogo Santiago Vázquez Collazo, pódense facer as seguintes consideracións:

- REF-001 (possible túmulo) Chan do Arco.** Aínda que presenta certos carácteres que fan pensar nun ben arqueolóxico, a presenza de afloramentos con marcas de extracción de pedra poderían indicar que se trate dos restos dunha antiga canteira. Asemade, débese ter en conta que a afeción se xeraría polos traballos de acondicionamento do vieiro existente, e a apertura da gabia de cableado. Neste sentido se debe sinalar que ditas obras de acondicionamento (rectificación dunha curva do vieiro existente) se realizarán nunha zona actualmente asfaltada, e que polo marxe N de dito vieiro discorrerá a gabia de cableado, por unha zona xa escavada e modificada pola extracción de xabre.
- REF-002 (possible túmulo) Pico do Seixo.** Logo da inspección exhaustiva realizada coa zona máis libre de vexetación, conclúese que o elemento **REF-002 Pico do Seixo** non é un xacemento prehistórico.

INFORME:

- En relación coa **REF-001 Chan do Arco**, ainda que non está clara a súa natureza arqueolóxica, as obras de acondicionamento do vieiro e a apertura da gabia de cableado realizaranse nunha zona xa alterada e remexida, posiblemente durante os traballos de construcción de dito vieiro.
- A **REF-002 Pico do Seixo** non é un ben arqueolóxico, polo que non forma parte do catálogo de bens do patrimonio cultural do estudo de impacto ambiental do parque eólico.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00


galicia

Tendo en conta o anterior informase favorablemente o documento *Estudo de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Serra de Liñares (Concellos de Negreira de Muñiz e A Fonsagrada, Lugo)*. Anexo Memoria Técnica coas seguintes condicións a incluir na correspondente Declaración de Impacto Ambiental:

- Deberá realizarse un **control e seguimiento arqueolóxico** durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito do parque eólico. A tal fin, e previo ó inicio das obras, se elaborará un proxecto arqueolóxico que terá que ser autorizado por esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- O proxecto deberá recoller as medidas correctoras incluídas no EIA, no informe desta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 24.09.2012, e na addenda obxecto deste informe.
- Como **Anexo** ó proxecto arqueolóxico, deberase recoller, na **cartografía** empregada polo persoal da obra durante o transcurso da mesma, un plano no que figurarán as áreas de risco arqueolóxico, coa localización dos elementos do Patrimonio Cultural xunto coas súas áreas de cautela (obxecto do control e seguimento arqueolóxico). Dito plano incorporará os textos necesarios para a súa comprensión.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2012

O director xeral do Patrimonio Cultural



Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria. Delegación Territorial de Lugo